



# CADERNOS

DO SINDICATO NACIONAL DE CCOO

## Orzamentos 2025: o dato mata o relato

CCOO

Cadernos do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia

*Orzamentos 2025: O dato mata o relato*

Decembro de 2024

Elaboración: Secretaría de Emprego, Política Social  
e Políticas de Públicas de Protección



**XUNTA  
DE GALICIA**

## ÍNDICE

Minora o crecemento económico e cae a creación de emprego .....	5
Seguimos coas rebaixas fiscais .....	6
O gasto no financiamento medrará por debaixo do PIB normal.....	9
Non é certo que aposten polo gasto social e os investimentos .....	10
Conclusións .....	13
En definitiva... ..	15

CC000

### *Minora o crecemento económico e cae a creación de emprego*

As previsións do Goberno recollidas no cadro macroeconómico reflicten un crecemento do produto interior bruto (PIB) dun 2,1 % no 2025, dúas décimas máis do previsto para 2024 e tres menos do que se prevé para o conxunto do Estado.

Ao analizar o crecemento anual do PIB galego previsto para 2025 desde a óptica do gasto, obsérvase unha achega da demanda interna de 1,4 puntos. Na desagregación dos compoñentes da demanda interna, compróbase que o consumo privado se recupera e medra 0,9 puntos, mentres que o público faino nun 2,1 (que son 1,5 puntos menos do previsto para 2024).

A converxencia con España non avanza. No 2023 (último ano completo dispoñible), Galicia achega o 5,54 % da poboación española, mentres que o peso da economía galega no PIB estatal é menor: 4,66 %.

Neste contexto, darlle pulo ao investimento público, reforzar os servizos públicos e os sistemas de protección social deben ser factores clave nos orzamentos para manter a demanda interna e prolongar a fase de crecemento do PIB.

Para 2025, o Goberno estima que a variación dos prezos, medida a través do deflactor do PIB, se situará en Galicia no 2,3 %, 0,6 puntos por baixo da previsión para 2024. A variación do PIB nominal ou a prezos correntes (cun crecemento previsto para Galicia en 2025 do 4,4 %) é un indicador moi útil na análise dos orzamentos porque aquelas partidas que crezan menos que o PIB nominal estarán perdendo peso en termos de PIB.

**Cadro 1. CADRO MACROECONÓMICO. VARIACIÓN ANUAL EN %**

	2024	2025
Gasto en consumo final	0,9	1,3
Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	-0,1	0,9
Gastos en consumo final das AA. PP.	3,6	2,1
Formación bruta de capital	3,7	2,5
Achega demanda interna	0,8	1,4
Exportacións de bens e servizos	4,9	4,3
Importacións de bens e servizos	2,6	3,5
Achega demanda externa	1,5	0,7
<b>Produto interior bruto (PIB)</b>	<b>2,3</b>	<b>2,1</b>
<b>Produto interior bruto nominal</b>	<b>5,2</b>	<b>4,4</b>
<b>Emprego (PTETC)</b>	<b>1,6</b>	<b>0,7</b>
<b>Taxa de paro</b>	<b>9,4</b>	<b>9,1</b>

FONTE: elaboración propia sobre o proxecto de orzamentos

O Goberno prevé que o emprego —medido en postos de traballo equivalentes a tempo completo— medre un 0,7 % no 2025, 0,9 puntos menos que en 2024. A taxa de paro (cociente entre a poboación parada e a poboación activa) baixa ao 9,1 %.

En resumo, o cadro macroeconómico reflicte que no ano 2025 minora o crecemento económico e diminúe a creación de emprego. Atopámonos diante duns orzamentos pouco ambiciosos que non van aproveitar o incremento do PIB para mellorar o modelo produtivo, consolidar o aumento do emprego de calidade ou recuperar o gasto público destinado ás persoas e a capitalización do país.

### *Seguimos coas rebaixas fiscais*

Os ingresos por operacións non financeiras (o compoñente máis relevante para a análise) aumentarán en 346 millóns de euros (+2,5 %). Os ingresos por operacións correntes subirán en 393 millóns de euros (+3,2 %) e os de operacións de capital caerán en 47 millóns de euros (-3,5 %).

O compoñente fundamental dos ingresos por operacións non financeiras son os ingresos por operacións correntes. Para 2025, prevese que a suba dos ingresos por operacións correntes se sitúe en 393 millóns de euros (+3,2 %). Os ingresos por operacións correntes representaban o 81,4 % no 2024 fronte ao 80,9 % no 2025.

**Cadro 2. ORZAMENTO CONSOLIDADO DE INGRESOS (MILES DE €)**

INGRESOS	2024	2025	VARIACIÓN %
I. Impostos directos	3.621.911	4.072.768	12,0 %
II. Impostos indirectos	3.959.235	3.931.866	-0,7 %
III. Taxas, prezos e outros ingresos	176.403	190.031	7,7 %
IV. Transferencias correntes	4.565.152	4.511.795	-1,2 %
V. Ingresos patrimoniais	26.895	36.167	34,5 %
<b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>	<b>12.349.596</b>	<b>12.742.627</b>	<b>3,2 %</b>
VI. Alleamento de investimentos reais	9.056	7.306	-19,3 %
VII. Transferencias de capital	1.319.961	1.274.724	-3,4 %
<b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	<b>1.329.017</b>	<b>1.282.030</b>	<b>-3,5 %</b>
<b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b>	<b>13.678.613</b>	<b>14.024.657</b>	<b>2,5 %</b>
VIII. Activos financeiros	100.442	100.547	0,1 %
IX. Pasivos financeiros	1.389.149	1.615.336	16,3 %
<b>TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>	<b>1.489.591</b>	<b>1.715.883</b>	<b>15,2 %</b>
<b>TOTAL</b>	<b>15.168.204</b>	<b>15.740.540</b>	<b>3,8 %</b>

FONTE:Elaboración propia sobre o proxecto de orzamentos

Os ingresos procedentes do sistema de financiamento (entregas a conta e liquidacións) previstos para 2025 sumarán 298 millóns de euros máis en relación cos previstos para 2024 (+2,8 %) ata se situar nos 10 857,4 millóns de euros.

A distribución dos ingresos consolidados para 2025 (ver cadro 2) coloca a imposición indirecta, outro ano máis, como fonte que máis recada: achegará o 24,9 % do total.

**Cadro 3. RECURSOS DO SISTEMA DE FINANCIAMENTO (MILES DE €)**

INGRESOS	2024	2025	VARIACIÓN
Imposto sobre a renda das persoas físicas (50 %)	3.109.959	3.531.435	421.476
Imposto sobre o valor engadido (50 %)	2.566.423	2.797.182	230.759
Impostos especiais (58 % e 100 %)	901.922	881.923	-19.999
Fondo de suficiencia global	762.269	861.927	99.658
Fondo de Garantía Servizos Públicos Fundamentais	2.033.404	2.189.612	156.208
<b>ENTREGAS A CONTA</b>	<b>9.373.976</b>	<b>10.262.079</b>	<b>888.103</b>
Anualidade liquidación exercicio 2008	-18.900	-18.900	0
Anualidade liquidación exercicio 2009	-65.907	-65.907	0
Liquidación exercicio 2021/2022	1.269.660	680.207	-589.453
<b>LIQUIDACIÓN EXERCICIOS ANTERIORES</b>	<b>1.184.853</b>	<b>595.400</b>	<b>-589.453</b>
<b>TOTAL RECURSOS SISTEMA DE FINANCIAMENTO</b>	<b>10.558.829</b>	<b>10.857.479</b>	<b>298.650</b>

FONTE:elaboración propia sobre o proxecto de orzamentos

Na desagregación dos ingresos correntes, a recadación dos impostos directos medra un 12,0 %, o capítulo III (taxas, prezos e outros ingresos) un 7,7 %; os ingresos procedentes do V (ingresos patrimonios) tamén medran. Pola contra, as transferencias correntes caen un 1,2 % e os impostos indirectos un 0,7 % no 2025.

Nas transferencias correntes inclúense as procedentes da UE (ver cadro 4) como, entre outras, o Fondo Social Europeo cunha dotación orzamentaria de 103,7 millóns de euros (frente a 99,8 no 2024, un incremento do 3,9 %) e do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia con 34,6 millóns de euros (47,1 no 2024, unha redución do 26,6 %).

Pero o groso son as procedentes dos orzamentos xerais do Estado e, en concreto, a participación no sistema de financiamento, que achega a maior parte dos ingresos ao orzamento con 3623 millóns de euros (un -1,7 % menos que en 2024), ás que habería que sumar as transferencias da Seguridade Social e doutros entes do Estado e as subvencións finalistas; respecto a estas últimas, hai que destacar a transferencia destinada á atención de dependencia, que é de 231 millóns de euros, como consecuencia do «Plan de choque para o impulso do Sistema para á Autonomía e Atención á Dependencia», para o Plan Estatal de Vivenda (6 millóns de euros) e para o Plan Concertado para o desenvolvemento de prestacións básicas de servizos sociais de corporacións locais. En diferentes partidas contra a violencia de xénero recóllense 15 millóns de euros, do Plan Corresponsables 9,3 millóns e para o bono social térmico 18,1 millóns.

No ámbito laboral, as axudas recibidas do Bloque A correspondente a «Servizos e Programas de Fomento do Emprego e de Formación Profesional para o Emprego», o Bloque B que comprende «Servizos e Programas de Formación Profesional para o Emprego financiados con cargo á cota de Formación Profesional» e o Bloque C «Modernización», ascenden a 179,3 millóns de euros; e para no Bloque D

«Formación certificable» dótanse 77,2 millóns de euros. Do IV Acordo de Formación Continua incorpóranse 2,3 millóns de euros.

No eido educativo órzase o Plan de Redución do Abandono Temporal por importe de 3,3 millóns de euros e o Plan PROA-Apoio a centros de Primaria e Secundaria por importe de 1,4 millóns de euros.

As transferencias de capital (capítulo VII) redúcense un 3,4 % en 2025. Dentro das transferencias de capital, destacan o Fondo de Compensación Interterritorial, conxelado en 38 millóns desde 2023, e as subvencións finalistas conxélanse nos 43 millóns de euros de 2024; os fondos europeos achegarán 1140,2 millóns de euros (83,5 millóns menos, -6,8 %).

As transferencias de capital dos distintos fondos europeos, como o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), o Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA) e o Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP), o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e outros recursos da Unión Europea suman 1089 millóns de euros, un 0,1 % menos que no exercicio precedente.

En resumo, os recursos transferidos da Unión Europea (procedentes das transferencias correntes e de capital) achegan 1230 millóns de euros ao orzamento da Xunta de 2025 (un 7,8 % do total), unha cantidade importante pero inferior en 58 millóns de euros á de 2024.

**Cadro 4. TRANSFERENCIAS DO EXTERIOR (MILES DE €)**

CONCEPTOS	2024	2025	VARIACIÓN %
Fondo Social Europeo. Programa operativo	99.887	103.747	3,9%
InterregIIIe outras iniciativas 2007-2013 e 2014-2020	317	1.511	376,0%
MRR-Mecanismo de Recuperación e Resiliencia	47.197	34.620	-26,6%
Outras transferencias da Unión Europea	1.051	657	-37,4%
<b>CAPÍTULO IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES</b>	<b>148.452</b>	<b>140.535</b>	<b>-5,3%</b>
FEDER Programa operativo	272.131	226.210	-16,9%
InterregIIIe outras iniciativas 2007-2013 e 2014-2020	609	3.284	439,1%
FEAGA/FEADER/FEAGA	260.911	247.395	-5,2%
FONDOS DE COHESIÓN	43.904	54.704	24,6%
IFOP/FEP/FEMP	100.878	103.839	2,9%
MRR-Mecanismo de Recuperación e Resiliencia	461.270	453.823	-1,6%
Outras transferencias da Unión Europea	578	350	-39,5%
<b>CAPÍTULO VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL</b>	<b>1.140.281</b>	<b>1.089.605</b>	<b>-0,1%</b>
<b>TOTAL</b>	<b>1.288.733</b>	<b>1.230.140</b>	<b>-4,5%</b>

FONTE:elaboración propia sobre o proxecto de orzamentos

Os ingresos por operacións financeiras corresponden mormente aos pasivos financeiros, que son a emisión de débeda ou os préstamos que a Xunta ten que pedir para financiar o gasto, cando os ingresos non financeiros son insuficientes.



O capítulo IX (préstamos recibidos e emisión de débeda) alcanzará 1615,3 millóns de euros no 2025 (226,2 millóns máis ca no 2024; 16,3 %) e equivalen ao 10,2 % dos ingresos.

Visto o escenario de ingresos, é fundamental impulsar actuacións para reforzar os ingresos non financeiros a medio e longo prazo, apuntalando a sostibilidade e a calidade das políticas de gasto que presta a Xunta mediante o seu adecuado financiamento público.

### *O gasto non financeiro medrará por debaixo do PIB nominal*

O gasto non financeiro consolidado para 2025 será de 13 953,9 millóns de euros; en relación co 2024, son uns 354 millóns de euros máis (+2,6 %). O gasto non financeiro aumenta por debaixo do PIB nominal (+2,6 % fronte ao +4,4 %, respectivamente), polo que non pode considerarse un orzamento expansivo.

Nos gastos por operacións non financeiras inclúense os gastos por operacións correntes e os gastos por operacións de capital. Os gastos por operacións correntes están formados por catro capítulos: gastos de persoal, gastos en bens correntes e servizos, gastos financeiros e transferencias correntes. Os gastos por operacións de capital inclúen os investimentos reais e as transferencias de capital.

**Cadro 5. ORZAMENTO CONSOLIDADO DE GASTOS (MILES DE €)**

Gastos	2023	2024	VARIACIÓN %
I. Gastos de persoal	4.898.865	5.147.121	5,1 %
II. Gastos en bens correntes e servizos	2.243.532	2.321.087	3,5 %
III. Gastos financeiros	199.822	214.277	7,2 %
IV. Transferencias correntes	3.101.668	3.276.964	5,7 %
<b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>	<b>10.443.887</b>	<b>10.959.448</b>	<b>4,9 %</b>
V. Fondo de continxencia	312.912	16.839	-94,6 %
VI. Investimentos reais	1.601.935	1.683.614	5,1 %
VII. Transferencias de capital	1.241.080	1.294.000	4,3 %
<b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	<b>2.843.016</b>	<b>2.977.613</b>	<b>4,7 %</b>
<b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b>	<b>13.599.815</b>	<b>13.953.901</b>	<b>2,6 %</b>
VIII. Activos financeiros	239.667	231.988	-3,2 %
IX. Pasivos financeiros	1.328.723	1.554.652	17,0 %
<b>TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>	<b>1.568.390</b>	<b>1.786.640</b>	<b>13,9 %</b>
<b>TOTAL</b>	<b>15.168.204</b>	<b>15.740.540</b>	<b>3,8 %</b>

FONTE: elaboración propia sobre o proxecto de orzamentos

Os orzamentos reflicten a dotación do incremento retributivo para o ano 2025 do 0,5 % establecido no Acordo Marco para unha Administración do Século XXI. Este aumento aplicarase con carácter retroactivo desde o 1 de xaneiro de 2024.

Os incrementos inclúen medidas derivadas de diversos acordos: Acordo da Mesa sectorial do 20 de abril de 2023 para o persoal das institucións sanitarias do

Sergas; acordo sobre as condicións de traballo do persoal funcionario do Servizo de Prevención de Incendios Forestais (SPIF) do 22 de xullo de 2024; acordo entre as organizacións sindicais CCOO, ANPE e UGT-SP Ensino sobre medidas que melloran o funcionamento do sistema educativo e as condicións laborais do persoal funcionario e laboral docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación; e Acordo sobre as condicións de traballo do persoal dos centros de xestión propia da Consellería de Política Social e Xuventude, asinado o 5 de decembro de 2023 entre a Administración pública e as organizacións sindicais.

Segundo o orzamento consolidado de gastos, o capítulo I de gastos de persoal ascenderá a 5147,1 millóns de euros en 2024 (uns 248 millóns de euros máis ca o orzado en 2024, o +5,1 %).

O capítulo II (gastos en bens correntes e servizos) medra un 3,5 % e o capítulo IV (transferencias correntes), segundo maior capítulo de gastos despois do de persoal, ascende a 3277 millóns de euros e medra un 5,7 %.

O investimento previsto para 2025 (capítulos VI e VII de investimentos reais e transferencias de capital, respectivamente) é de 2977,6 millóns de euros; 134 millóns máis ca no 2024 (+4,7 %), e supoñen o 21,3 % dos gastos non financeiros. O investimento é unha panca fundamental para o progreso económico e social dun país; renunciar a el pexa gravemente as nosas capacidades competitivas no económico e de proporcionar benestar á cidadanía galega.

Os gastos por operacións financeiras están formados por dous capítulos: activos financeiros e pasivos financeiros. O groso destes gastos corresponde ao capítulo IX de pasivos financeiros (ligados á amortización de débeda e devolución de préstamos), que ascenderá a 1554,6 millóns de euros; son 225,9 millóns de euros máis ca no 2024 (+17,0 %).

### *Non é certo que aposten polo gasto social e os investimentos*

Na distribución por funcións, o gasto social resultou moi prexudicado desde a chegada do PP ao Goberno da Xunta. En 2025, á sanidade destínanse 258 millóns de euros máis e á educación 105 máis; ambas manteñen o seu peso no total do orzamento consolidado de gastos. Así pois, a sanidade percibirá o 34,5 % do orzamento total e a educación o 18,9 %.

***Os recursos destinados a educación aumentan por baixo do crecemento previsto para o PIB nominal (+4,4 %), polo tanto, seguirá perdendo peso no PIB.***

**Cadro 6. ORZAMENTO CONSOLIDADO DE GASTOS (MILES DE €). DISTRIBUCIÓN FUNCIONAL**

Grupos de funcións	2024	Valor relativo	2025	Valor relativo	VARIACIÓN %
<b>ACTUACIÓN DE CARÁCTER XERAL</b>	<b>365.111</b>	<b>2,4</b>	376.411	<b>2,4</b>	<b>3,1</b>
Alta dirección	45.666	0,3	49.645	0,3	8,7
Administración xeral	93.070	0,6	97.222	0,6	4,5
Xustiza	181.084	1,2	192.888	1,2	6,5
Administración local	20.099	0,1	22.692	0,1	12,9
Normalización lingüística	11.049	0,1	11.964	0,1	8,3
Procesos electorais e órganos de representación política	14.142	0,1	2.000	—	-85,9
<b>PROTECCIÓN CIVIL E SEGURIDADE</b>	<b>29.525</b>	<b>0,2</b>	<b>40.277</b>	<b>0,3</b>	<b>36,4</b>
Protección civil e seguridade	29.525	0,2	40.277	0,3	36,4
<b>PROTECCIÓN E PROMOCIÓN SOCIAL</b>	<b>1.756.036</b>	<b>11,6</b>	<b>1.862.239</b>	<b>11,8</b>	<b>6,0</b>
Acción social e promoción social	1.298.179	8,6	1.406.142	8,9	8,3
Promoción do emprego	448.915	3,0	446.233	2,8	-0,6
Cooperación exterior	8.943	0,1	9.864	0,1	10,3
<b>PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER SOCIAL</b>	<b>8.513.943</b>	<b>56,1</b>	<b>8.912.894</b>	<b>56,6</b>	<b>4,7</b>
Sanidade	5.176.943	34,1	5.434.958	34,5	5,0
Educación	2.865.843	18,9	2.972.172	18,9	3,7
Cultura	106.693	0,7	110.006	0,7	3,1
Deportes	56.246	0,4	38.645	0,2	-31,3
Vivenda	166.715	1,1	221.301	1,4	32,7
Outros servizos comunitarios	141.464	0,9	135.813	0,9	-4,0
<b>PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER ECONÓMICO</b>	<b>1.285.564</b>	<b>8,5</b>	<b>1.324.624</b>	<b>8,4</b>	<b>3,0</b>
Infraestruturas	378.817	2,5	326.377	2,3	-4,3
Ordenación do territorio	18.449	0,1	20.007	0,1	8,4
Promoción do solo	5.000	—	11.161	0,1	123,2
Actuacións ambientais	204.222	1,3	222.268	1,4	8,8
Actuacións medio rural	194.241	1,3	207.500	1,3	6,8
I+D+i	327.244	2,2	343.736	2,2	5,0
Sociedade da información	152.168	1,0	151.949	1,0	-0,1
Información estatística	5.423	—	5.625	—	3,7
<b>REGUL. ECONÓMICA DE CARÁCTER XERAL</b>	<b>415.739</b>	<b>2,7</b>	<b>138.671</b>	<b>0,9</b>	<b>-66,6</b>
Actuacións económicas xerais	31.207	0,2	33.458	0,2	7,2
Actividades financeiras	384.532	2,5	105.214	0,7	-72,6
<b>REG. ECONÓMICA SECTORES PRODUTIVOS</b>	<b>1.119.531</b>	<b>7,4</b>	<b>1.151.246</b>	<b>7,3</b>	<b>2,8</b>
Dinamización rural	420.606	2,8	440.025	2,8	4,6
Pesca	139.476	0,9	143.819	0,9	3,1
Industria, enerxía e minaría	127.933	0,8	125.543	0,8	-1,9
Desenvol. empresarial	265.567	0,8	273.782	1,7	3,1
Comercio	20.878	0,1	21.728	0,1	4,1
Turismo	145.0725	1,0	146.349	0,9	0,9
<b>TRANSFERENCIAS ENTIDADES LOCAIS</b>	<b>160.520</b>	<b>1,1</b>	<b>170.688</b>	<b>1,1</b>	<b>6,3</b>
Transf. entidades locais	160.520	1,1	170.688	1,1	6,3
<b>DÉBEDA PÚBLICA</b>	<b>1.522.235</b>	<b>10,0</b>	<b>1.763.490</b>	<b>11,2</b>	<b>15,8</b>
Débeda pública	1.522.235	10,0	1.763.490	11,2	15,8
<b>TOTAL</b>	<b>15.168.204</b>	<b>100,0</b>	<b>15.740.540</b>	<b>100,0</b>	<b>3,8</b>

FORNTE:Elaboración propia sobre o proxecto de orzamentos

***A dotación orzamentaria para a política de emprego cae en case 4 millóns de euros menos do previsto en 2024; é dicir, un -0,9 %.***

No ano 2025, os recursos destinados ás políticas de emprego terán un peso do 2,7 % no total do orzamento consolidado, cando no 2009 esa porcentaxe se situaba

no 3,6 %. O orzamento previsto é absolutamente insuficiente para resolver os problemas do mercado laboral galego que, como vimos nos últimos indicadores laborais publicados en decembro, presenta unha evolución máis negativa ca no conxunto do Estado.

**Cadro 7. POLÍTICA DE EMPREGO**

PROGRAMAS	2024	2025	VARIACIÓN	VARIACIÓN %
Mellora e fomento da empregabilidade	82.866.808	72.232.081	-10.634.727	-12,8%
Promoción do emprego autónomo	138.352.338	137.924.248	-428.090	-0,3%
Formación profesional desempregados/as	136.997.508	134.901.345	-2.096.163	-1,5%
Formación profesional ocupados/as	12.601.857	19.827.346	7.225.489	57,3%
Mellora da org. e adm. das relacións laborais e da prevención	23.431.473	24.399.608	968.135	4,1%
Promoción da economía social	43.645.333	44.853.618	1.208.285	2,8%
<b>TOTAL</b>	<b>437.895.317</b>	<b>434.138.246</b>	<b>-3.757.071</b>	<b>-0,9%</b>

FORNTE:Elaboración propia sobre o proxecto de orzamentos

A dotación para política de emprego diminúe en 3,7 millóns: o programa de mellora de fomento da empregabilidade recolle 10,6 millóns de euros menos que no ano anterior (-12,8 %); o de formación profesional de desempregados/as ten 2 millóns de euros menos que en 2024 (-1,5 %); o de formación profesional de ocupados/as recolle 7,2 millóns de euros máis que en 2024 (+57,3 %); o de mellora da organización e administración das relacións laborais e da prevención con 968.135 euros máis (4,1 %) e no de promoción da economía social hai 1,2 millóns de euros máis (+2,8 %).

Para política social asígnanse 121 millóns de euros máis ca no 2024 (+10,9%): pásase de 1108,0 millóns de euros en 2024 a 1229,4 en 2025.

**Cadro 8. POLÍTICA SOCIAL (MILES DE €)**

Programas	2024	2025	Variación	Variación %
Protección e inserción social	93.243.521	89.046.511	-4.197.010	-4,5%
Programas de prestacións a familias e á infancia	242.235.814	262.725.432	20.489.618	8,5%
Servizos sociais relativos ás migracións	1.500.000	24.023.714	22.523.714	150,6%
Programa de atención á dependencia	655.478.910	728.316.051	72.837.141	11,1%
Promoción da autonomía persoal e prevención da dependencia	60.469.802	69.351.646	8.881.844	14,7%
Servizos sociais comunitarios	55.159.820	55.914.419	754.599	1,4%
<b>TOTAL</b>	<b>1.108.087.867</b>	<b>1.229.377.773</b>	<b>121.289.906</b>	<b>10,9%</b>

FORNTE:elaboración propia sobre o proxecto de orzamentos

Dentro desta política, o programa de atención á dependencia é o que absorbe a maior parte dos recursos con 728 millóns de euros; 73 millóns máis en relación cos previstos para 2024. A dotación orzamentaria para o programa de autonomía per-

soal e prevención da dependencia será de 63 millóns de euros, 2,5 millóns euros máis ca o orzado para 2024 (4,1 %).

***O programa de protección e inserción social está orzado con 70,8 millóns de euros (+23,9 %). Nel inclúense a Risgacon 46,1 millóns de euros (o mesmo que no 2024); o plan social contra a desigualdade económica, 5,0 millóns de euros (contía conxelada desde 2023), e o fondo extraordinario para perceptores de subsidios e pensións non contributivas contará cunha dotación orzamentaria de 8,0 millóns de euros (contía conxelada desde 2023).***

Dentro da área de produción de bens públicos de carácter económico, a política máis relevante cuantitativamente é a de infraestruturas, á que se asignan 326,4 millóns de euros para 2025 (52 millóns de euros menos dos previstos para 2024). O orzamento para investigación, desenvolvemento e innovación sobe en 16,5 millóns de euros (5,0 %); pola contra, para a sociedade da información e do coñecemento destínanse 152,0 millóns de euros para 2025 (o mesmo ca en 2024).

En comparación co ano 2024, os recursos destinados á política dos sectores produtivos soben en 31,7 millóns de euros (+2,8 %), pero esta suba está por debaixo do crecemento orzamentario e do deflactor do PIB. O sector do comercio conta con 850 000 de euros máis (4,1 %), o da pesca con 4,0 millóns máis (3,1 %); pola contra, o turismo, principal aposta para o desenvolvemento do país da man da Xunta, ten 1 millón de euros máis (+0,9 %); á industria, enerxía e minaría asígnanselle 2,3 millóns de euros menos (-1,6 %); e a dotación para a dinamización económica do medio rural subirá un 4,6 % (19,4 millóns de euros máis).

### *Conclusiones*

O Goberno da Xunta di que os orzamentos para 2025 son «os máis altos da historia» e que os grandes obxectivos son «reforzar e modernizar os servizos públicos, o gasto social, a sanidade, a educación e as políticas sociais e o emprego» para consolidar o crecemento económico. Afirmacións que entran en contradición coas súas propias previsións, que reflicten que no 2025 se rebaixa o crecemento económico e diminúe a creación de emprego.

Nun contexto internacional que segue cheo de incertezas e despois de anos difíciles para Galicia e para os galegos e as galegas (pandemia, guerra da Ucraína, incremento dos prezos enerxéticos, escalada inflacionista...), a Xunta de Galicia desaproveita o maior volume de recursos de que dispón, efectivamente, na súa historia para mellorar as súas condicións de vida e para consolidar a nosa economía e o noso tecido produtivo.

O **alto volume de ingresos** vén dado en gran medida polos ingresos procedentes do sistema de financiamento, mentres que nos ingresos da súa competencia, o Go-

berno da Xunta segue apostando polas rebaixas fiscais (entre elas, as que afectan ao IRPF ou ao imposto sobre sucesións e doazóns). Para o ano 2025 estímase que se deixarán de percibir 751 millóns de euros polos beneficios fiscais que se deixarán de ingresar polas diferentes rebaixas nos impostos (arredor de 1500 millóns de euros nos dous últimos exercicios, que veñen a ser a cantidade de investimento directo da Xunta cada ano).

Desde CCOO non compartimos estas políticas fiscais regresivas nun momento como o actual, no que se require recadar máis —segundo o principio de equidade e redistribución fiscal— para dispoñer de máis recursos e destinalos a reforzar o gasto social e o investimento.

O **gasto social** pode ser «histórico» pero non é suficiente: no 2025, o PIB nominal medra un 4,4 % en relación co previsto para 2024, pero unha boa parte das políticas de gasto social máis relevantes farano por baixo desa porcentaxe. É o caso da educación (+3,7 %) ou do emprego, que se reduce drasticamente (-0,9 %).

Os orzamentos de **sanidade** atenden aos diferentes compromisos acadados co persoal, pero non conteñen os recursos necesarios para mellorar a saúde das galegas e os galegos, que seguen padecendo longas listaxes de espera, deficiencias tanto na atención primaria coma na especializada ou directamente ausencia de atención en saúde mental, por citar algún exemplo.

Os 434 millóns de euros destinados a **políticas de emprego** son absolutamente insuficientes para dar resposta ao principal problema dos galegos e galegas, que é ter un emprego que lles permita unha vida digna.

O que plasman os orzamentos para 2025 en materia de emprego é a renuncia da Xunta a exercer as súas competencias nesta materia e a renuncia ao seu papel como servizo público a favor dunha rede clientelar de «polos de emprendemento» que desatende a busca de emprego por conta allea e só serve para subvencionar unha rede de falsas entidades de iniciativa social que agochan empresas con claros intereses económicos.

Aumentan os recursos en **política social** de maneira significativa con 121 millóns máis, pero non mellora a atención ás persoas: nin ás dependentes, nin ás perceptoras da Risga, nin ás de pensións non contributivas, nin ás que se atopan en situación de exclusión social.

O incremento dos recursos para atención á dependencia non se vai traducir nin nun aumento do número de persoas atendidas, nin na mellora da atención, nin na prestación de servizos profesionais de calidade por persoas que teñan unhas condicións laborais dignas.

Galicia ten máis de 700 000 persoas maiores de 65 anos e só dispón de 21 000 prazas residenciais; é dicir, só un 3 % tería unha praza residencial, moi por baixo

do mínimo fixado pola Organización Mundial da Saúde, que recomenda unha cobertura de, polo menos, o 5 %. Ademais, oito de cada dez prazas están en mans privadas, mentres que as públicas (4684) unicamente representan o 20 % das totais (e destas, o 55 % teñen xestión privada).

Esta inxente cantidade de recursos debería destinarse a financiar servizos como o de axuda no fogar, para que se cumpran os convenios colectivos e que as mulleres, que maioritariamente traballan no sector, teñan condicións de traballo dignas; que permitisen que as persoas dependentes que o desexaren puidesen permanecer no seu fogar atendidas por profesionais, non perpetuando a fenda de xénero nos coidados, e tamén para construír centros públicos de xestión pública para as persoas que o desexaren ou necesitaren.

O Goberno da Xunta mantén conxelados os orzamentos destinados á Risgadesde a entrada en vigor do IMV, que absorbe unha parte das persoas beneficiarias aínda que outras quedan fóra. Desde CCOO levamos máis de catro anos reclamando a modificación da normativa autonómica para que a complementariedade entre ambos os subsidios sexa efectiva e poida dar cobertura aos numerosos colectivos non cubertos polo IMV.

Non atopamos nos orzamentos nin rastro de política industrial nin de políticas de apoio aos restantes sectores produtivos. De feito, os recursos de apoio ao conxunto dos sectores medran por debaixo da media. Isto podería levarnos a pensar que, polo menos, os orzamentos conterían un incremento dos investimentos públicos que actuase como motor da actividade económica e da creación de emprego, pero tampouco, pois só crecen un 4,7 %.

### *En definitiva...*

Os orzamentos do 2025 contarán co maior volume de recursos da súa historia pero non mellorarán a vida dos galegos e as galegas porque non teñen en conta nin as súas necesidades nin as do tecido produtivo.

O principal instrumento da política económica da Xunta de Galicia é decepcionante por ser pouco ambicioso, continuísta e desvela unha ideoloxía clara: favorecer as persoas máis ricas e deteriorar os servizos públicos, pois segue apostando pola redución de impostos (case 1500 millóns de euros menos de recadación entre 2024 e 2025) en vez de por unha política fiscal autonómica progresiva e redistributiva, ao tempo que demanda máis recursos ao Goberno central.

Estes orzamentos tampouco van favorecer a converxencia de Galicia co Estado: froito da pouca ambición e da renuncia a recadar máis a quen máis ten, a previsión de crecemento para 2025 estará tres décimas por baixo da prevista para España.

Engánanos dicindo que o gasto social é a primeira prioridade dos orzamentos. Nin é suficiente nin é o necesario. Os datos da sanidade, da educación, do emprego e das políticas sociais desmenten o seu relato.

Na nosa opinión, outros orzamentos son posibles utilizando a autonomía fiscal, racionalizando gastos e negociando co Goberno central, e así ter máis ingresos cos que facer políticas que poñan as persoas no centro e dean resposta ao problema da vivenda, do declive demográfico, aos cuidados e ao desenvolvemento equilibrado e sostible.

EEUU



CCOO

CC000

CCOO

